

ANO EUROPEO DO PATRIMONIO CULTURAL

2018

O Parlamento Europeo e o Consello de Europa declararon **2018** como **Ano Europeo do Patrimonio Cultural** (AEPCC) co obxectivo de que a sociedade europea descubra o amplo e diverso patrimonio que herdamos e que se reafirme o sentimento de pertenza a unha familia europea común.

POÑER EN VALOR

o patrimonio cultural europeo como un recurso compartido

SENSIBILIZAR

acerca da nosa historia e valores comúns

REFORZAR

o sentimento de pertenza a Europa

PROTEXER, PRESERVAR E DIFUNDIR

o noso patrimonio cultural

O Ano Europeo do Patrimonio Cultural busca promover o patrimonio cultural como un elemento fundamental da diversidade cultural e do diálogo intercultural europeo e destacar a súa contribución á economía, con arredor de **300.000 persoas** que traballan no sector e con **7,8 millóns de empregos** vinculados.

Este Ano Europeo supón unha grande ocasión para poñer en valor o extenso patrimonio cultural de Galicia e para sensibilizar acerca da importancia de protexer, preservar e difundir o noso patrimonio común. Con este obxectivo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria propón unha **extensa programación cultural**.

Para difundir e visibilizar este rico patrimonio cultural cada un dos meses do 2018 está dedicado a un aspecto diferente do patrimonio galego.

CALENDARIO DO ANO EUROPEO DO PATRIMONIO



XANEIRO Patrimonio Documental e Bibliográfico

O primeiro mes do ano está dedicado ao inmenso patrimonio documental e bibliográfico co que conta Galicia, custodiado nas súas bibliotecas e arquivos. Durante este mes celébrase tamén o Día da Ilustración.




FEBREIRO Ribeira Sacra

O mes de febreiro é o mes da Ribeira Sacra, para poñer en valor o riquísimo patrimonio cultural desta rexión, na que séculos de ocupación dun territorio singular deron lugar a unha paisaxe cultural sobranceira.

ANO EUROPEO DO PATRIMONIO CULTURAL

2018




MARZO Patrimonio Catedralicio e Monástico

Mes no que se afonda no extraordinario patrimonio catedralicio de Galicia, formado polas catedrais de Santiago, Tui, Mondoñedo, Lugo e Ourense e os diversos mosteiros, os maiores expoñentes do noso patrimonio cultural relixioso.



ABRIL Illas Cíes - Parque Nacional Illas Atlánticas

O único Parque Nacional de Galicia e un paraíso natural en camiño de ser considerado Patrimonio da Humanidade, as Illas Cíes e o Parque Nacional Illas Atlánticas son os temas principais do mes de abril.




MAIO Mes da Arqueoloxía

En maio reivindícase o importante legado arqueolóxico galego, tanto o de orixe romana -do que destaca a Muralla de Lugo, Patrimonio da Humanidade- como o legado castrexo; así como os diferentes museos e xacementos de Galicia.




XUÑO Camiños de Santiago

Patrimonio Cultural da Humanidade, carta de presentación de Galicia en todo o mundo e gran referencia do patrimonio cultural a nivel europeo e internacional, o Camiño de Santiago é o elemento central do mes de xuño.



XULLO Cultura Popular

Xullo é o mes da cultura popular, dedicado á nosa identidade e tradición, poñendo en valor elementos como o baile galego, o traxe tradicional e a cultura de base. Celébrase cun gran encontro da Cultura Popular na Cidade da Cultura.



AGOSTO Patrimonio Artístico

Durante o mes de agosto ten lugar a posta en valor do gran patrimonio artístico, pintura, escultura e arquitectura, que acollen os museos e salas de exposicións de Galicia.



SETEMBRO Patrimonio e Xuventude

Setembro é o mes dedicado á xuventude, lévanse a cabo diversas accións de formación e sensibilización entre a mocidade sobre a importancia e o valor do noso patrimonio cultural.



OUTUBRO Patrimonio Dixital

Un mes no que se destaca a importancia da modernización e da fusión entre o patrimonio cultural e tecnoloxía, poñendo o acento nos procesos de innovación nesta materia, un dos piares do Ano Europeo.



NOVEMBRO Patrimonio Científico e Tecnolóxico

Coincidindo co Mes da Ciencia en Galego, en novembro reivindicamos un dos patrimonios galegos menos coñecidos, pero do que temos unha rica e extensa mostra, o patrimonio científico e tecnolóxico..



DECEMBRO Patrimonio na Escola

O último mes do ano está dedicado á difusión do patrimonio cultural e á importancia de protexelo e conservalo, entre o alumnado do noso sistema educativo, principal herdeiro dese legado.